

ACTA NÚMERO 3/2017
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
DO DIA 25/05/2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 11:30 horas, do día vinte e cinco de maio de dous mil dezasete, réunese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D^a Ines Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D^a Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Luis Vázquez Leis

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 2/2017 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO DIA 30.03.2017.-
- 2- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-
- 3- PADRON DE LIXO 2017.-
- 4- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DAS OBRAS DE CONSTRUCCION BEIRARRUAS EN IGREXA VILADOABADE.-

- 5- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A EXECUCION DA ACTUACION SANEAMENTO EN CASTRO-BARDAOS. CONCELLO DE TORDOIA.-
- 6- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA IMPLANTACION DA HISTORIA SOCIAL UNICA ELECTRONICA NAS ENTIDADES LOCAIS.-
- 7- ACORDO ENTRE A AXENCIA DE MODERNIZACION TECNOLOXICA DA XUNTA E ESTE CONCELLO PARA ACCEDER AS FUNCIONALIDADES DE SOLUCIONS TECNOLOXICAS BASICAS DE ADMINISTRACION ELECTRONICA.-
- 8- MOCIONS.-
- 9- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 10- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 2/2017 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO DIA 30.03.2017.-

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión a acta da sesión plenaria nº 2/2017 levada a cabo o día 30.03.2017, preguntando aos concelleiros existentes si existe algunha alegación á mesma.

Interven a concelleira do BNG aclarando a intervención que aparece na acta anterior en relación a senda peonil que ela non falou cos veciños, preguntou si se falara cos eles.

Sometese a votación a aprobación da acta e votan como segue:

- A favor: 7 PP; 2 PSdeG-PSOE e 1BNG

Polo que queda aprobada a citada acta.

2.- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESION ORDINARIA.-

Pola Presidencia dase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 29/03/2017 comenzando co número 41/2017 ata o día 18/05/2017 terminando no número 71/2017, e dos que os concelleiros teñen copias.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

3.- PADRON DE LIXO 2017.-

Pola Presidencia infórmase da elaboración do Padrón Fiscal da Taxa polo Servizo de recollida de lixo para o ano 2017 o cal conta, no seu estado provisional, coa emisión de 1.467 recibos por un importe de 1004.160,81€.

Polo que á vista do mesmo realizadas, as altas, baixas, e modificacións,
PROPOÑO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o padrón da taxa polo servizo de recollida de lixo.

Segundo.- Publicar no taboleiro de edictos do concello, web municipal e boletín oficial da provincia aos efectos de someter a información pública para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de 30 días, que contarán dende o día seguinte ao da publicación no último medio referido anteriormente.

Terceiro.- De non haber reclamacións, facultar a Alcaldía para que resolva a súa aprobación definitiva e remita toda a documentación ao servizo de Recadación da Deputación Provincial para efectuar o seu cobro.

O señor alcalde explica o contido do expediente e sometese a votación e votan:

-A favor: 7 PP; 2 PSdeG-PSOE e 1 BNG

Polo que queda aprobada a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

4.- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACION DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACION DAS OBRAS DE CONSTRUACION BEIRARRUAS EN IGREXA VILADOABADE.-

O señor alcalde PROPÓN:

1º dar conta do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Tordoia para a realización das obras construción de beirarruas en Igrexa-Viladoabade.

2º ratificar a aprobación da Xunta de Goberno Local do 11.05.2017

3º publicar na páxina web deste concello

4º facultar ao señor alcalde en todo o relacionado con este convenio.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN IGREXA DE VILADABADE.

En Santiago de Compostela, a 5 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, a Sra. Da. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. Antonio Pereiro Linares, Alcalde do Concello de Tordoia, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local. As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o disposto nos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal.

Segundo. De conformidade co establecido polo artigo 55.d) en relación co artigo 10.1 e 57 da Lei 7/1985 de abril e os artigos 187, 194 e 195.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, correspóndelle a Comunidade Autónoma, a prestación da cooperación e asistencia activa que as entidades locais puidéran precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, podendo levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscrición de convenios as relacións de colaboración e cooperación económica.

Terceiro. O concello de Tordoia, no exercicio das súas competencias expon a necesidade de obras de construción de beirarrúas en Igrexa de Viladabade.

O Plan *hurbe* 2014-2017 está incardinado nunha acción global da Xunta en clave de complementariedade con outras accións de equilibrio territorial, tales como o Plan MOVE, de mellora da mobilidade e accesibilidade dos galegos e das galegas, ou as axudas outorgadas aos entes locais para o desenvolvemento de diversos servizos da súa competencia.

Constítúen obxectivos do Plan hURBE, entre outros, os de:

-Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.

-Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, con obxecto de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos vecinos.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio que, en síntese, consiste na construción de beirarrúas no treito do camino entre a igrexa parroquial e a parcela da pista deportiva, co fin de mellorar a seguridade viaria aos peóns que acceden ás pistas deportivas dende o núcleo de Viladabade que actualmente deben circular pola estrada.

Esta situación fai que o obxecto desta colaboración se considere como de especial singularidade, o que acredita a xustificación da non concorrencia pública para o outorgamento da axuda.

Preténdese a construción de 80 metros lineais de beirarrúa con bordo de formigón prefabricado e quince centímetros de formigón. Contémplase, así mesmo, a construción de dous muros de 60 e 85 metros de lonxitude, respectivamente, e un metro de alto en formigón armado para contención terras, previa cimentación.

Previo a construción das beirarrúas contémplase a canalización de 80 metros de tubaxe de PVC de 315 mm. de diámetro e execución de 2 pozos de rexistro para saneamento, canalización de 80 metros e 3 pozos de rexistro con sumidoiro para recollida de augas pluviais e 80 metros de tubo de polipropileno verde para iluminación pública, todo elo previa escavación de zanxa e posterior recheo compactado da mesma.

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio "Posta en valor do plan MJRBE en íión coas entidades locais da Comunidade Autónoma" contida nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Cuarto.- As obras considéranse necesarias para mellorar a calidade de vida da poboación, construíndo un espazo seguro, accesible, e mellorar a prestación dos servizos públicos municipais.

Quinto.- Atendendo á finalidade dos investimentos que pretende o concello, a actuación encádrase como obras de equipamentos e mellora de espazos públicos, para dar cobertura as necesidades da cidadanía e, polo tanto, susceptibles de recibir axudas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través do seu orzamento de gastos, competencia que está contemplada no apartado m) do artigo 10°.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería "A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial".

En consecuencia, constatadas as necesidades, o seu interese público e tendo en conta os beneficios que se derivan para o seus habitantes e a poboación en xeral, a Consellería considera axeitado colaborar na execución das actuacións e para iso contribuir cunha achega económica de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €). A dita achega, ten que realizarse a través do concello, xa que é esta administración a mais próxima ao territorio e aos cidadáns beneficiarios. Por iso, a mais axeitada para o cumprimento dos obxectivos previstos.

Sexto.- Conforme co establecido no artigo 26.2° da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concurrencia pública, xa que o obxecto deste acordó é atender necesidades específicas no Concello de Tordoia, no que se fai preciso realizar a actuación de "construción de beirarrúas en Igrexa de Viladabade", actuación que é imprescindible para satisfacer as necesidades da cidadanía. Isto xustifica, polo seu carácter de excepcionalidade, o procedemento de concesión directa por serlle de aplicación o establecido no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no 36.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei de subvencións de Galicia.

Sétimo.- O Concello cumpre eos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención |de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitavo.- Así mesmo, en virtude do establecido na disposición adicional segunda da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a sinatura deste convenio non precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Noveno.- Por todo isto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o Concello de Tordoia, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das actuacións citadas, a través dun convenio de colaboración con suxeición ás

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia e o concello de Tordoia para a realización das obras de "construción de beirarrúas en Igrexa de Viladabade", cun orzamento total de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €).

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

A.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo obrígase a:

a.- Participar no financiamento da actuación recollida neste convenio, cunha achega máxima de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €),equivalente ao 100 % do investimento previsto, con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.521 A 7620 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2017.

Esta achega declárase compatible, no seu caso, con outras achegas, axudas ou subvencións que a entidade beneficiaría destine á execución das actuacións que se describen na cláusula primeira. Non obstante, a suma total de todas elas non poderá superar o 100% do orzamento total que require a actuación. Neste caso, a axuda establecida neste convenio reducirase ata acadar o cumprimento establecido anteriormente. Así mesmo, o concello beneficiario poderá subcontratar, segundo se contempla no apartado B) desta cláusula, ata o 100% do investimento obxecto da axuda.

b.- A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, resérvase o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ao seu remate.

B.- O Concello de Tordoia oblígase a:

a.- Redactar os documentos técnicos que definan as obras a executar.

b.- Realizar as xestións pertinentes para a obtención dos permisos, licencias, e autorizacións regulamentarias, segundo a normativa vixente que sexa aplicable, asumindo os custos que se xeren por estes conceptos, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello promotor e beneficiario destas actuacións.

c.- Levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas, así como asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado no apartado A da presente cláusula.

d.- De acordo coa mesma Lei 9/2007, o concello asume a total responsabilidade das execucións ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista ou contratistas encargados de executar as obras, a obriga da colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 27.5.

e.- Realizar ante Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto a seguinte documentación:

(i) Copia compulsada dos xustificantes de gasto, certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento da finalidade da subvención. En relación co contido do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, (DOG do 25 de xuño de 2007), faise constar para o presente acordo a excepción de consideración de gasto realizado igual ao gasto efectivamente pagado. A estes efectos, terase en conta que se considera gasto realizado, o que foi efectivamente certificado pola intervención ou polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención (artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, a entidade local beneficiaría deberá acreditar, dentro do prazo de un (1) mes contado a partir da data de recepción dos fondos da axuda, ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo o pagamento dos fondos ao/s contratista/s que executaron as obras ou servizos obxecto do presente acordo.

(ii) Certificación ou acto de aprobación/conformidade do órgano municipal que corresponda.

(iii) Actas de recepción, unha vez finalizadas as obras.

A data límite de presentación da referida documentación de xustificación do gasto ñas dependencias citadas, establécese no día 15 de decembro de 2017.

f.- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

g.- Comunicar á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordó e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, á modificación das condicións establecidas neste convenio.

h.- Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devengados dende o momento do seu pagamento, neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

i.- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

j.- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. De acordo co disposto no artigo 40.1°, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

k.- O concello de Tordoia presta expresamente o seu consentimento para que se lle de, ao presente convenio, a publicidade que establecen os apartados 1 e 2 do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na forma establecida, e nos rexistros públicos regulados no Decreto

132/2006, do 27 de xullo, rexistros creados polos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 21 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Polo tanto, o convenio será obxecto de publicación na páxina Web oficial con expresión da contía e a súa finalidade, de acordo co disposto na citada normativa.

TERCEIRA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo financiará as actuacións ata un máximo de cincuenta e dous mil oitocentos trinta e nove euros con oitenta e oito céntimos (52.839,88 €), que fará efectivos mediante transferencia bancaria ao concello de Tordoia, contra a presentación por este das certificacións de obra executada. Non obstante, poderán efectuarse aboamentos parciais ata o 80% da porcentaxe subvencionada, logo da presentación das correspondentes certificacións e o cumprimento dos requisitos definidos nos puntos (i) e (ii) do apartado e) da cláusula segunda.

Unha vez rematadas as obras, por parte do concello deberá ser xustificado o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos, na forma establecida nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007. A referida xustificación consistirá, entre outras, na certificación da intervención, ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, acreditando o cumprimento da finalidade para que foi outorgada.

Asemade, de conformidade co disposto no apartado 6 do artigo 28 da Lei 9/2007, se fora o caso que, a actividade se financiara ademais de coa subvención con fondos propios, ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O incumprimento desta xustificación, ou a súa insuficiencia, implicará o reintegro desta axuda, nos termos fixados no artigo 33 da Lei 9/2007.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo limitará, en todo caso, a súa achega económica ao pactado no presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se puideran producir, limitándose a súa execución económica aos límites pactados no presente convenio.

CUARTA.- RELACIÓN LABORAL ENTRE AS PARTES

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os - profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lie poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste. En consecuencia, o concello asumirá a posición de empresario ou contratante verbo de tales profesionais, e asumirá en exclusiva as obrigas e responsabilidades legais que a normativa legal e convencional lle impon verbo destes.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por un representante de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste convenio. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación. Todas as incidencias que puidesen xurdir deste convenio serán formuladas a través da comisión de seguimento, que resolverá de mutuo acordo.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

O incumprimento por calquera das partes das cláusulas do presente convenio poderá dar lugar a denuncia deste.

SEXTA.- OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE ORDE SOCIAL

En aplicación do establecido no artigo 11 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade local aportará, con carácter previo á sinatura do presente acordo e tamén, xunto coa documentación xustificativa que dea lugar aos pagamentos previstos na cláusula segunda, a oportuna declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

SÉTIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións coñecidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30

do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura e terá a duración precisa para a completa execución das actuacións nel recollidas.

En todo caso, a eficacia deste convenio estenderase ata o 31 de decembro de 2017.

NOVENA.- NATUREZA, LEXISLACIÓN APLICABLE, INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo. A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

2.- Para o non previsto no presente convenio, resultará de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xuño, e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades ñas subvencións ás entidades locais galegas.

3.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente Convenio constituirá causa suficiente de resolución do mesmo.

O presente Convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

Pola Xunta de Galicia
A Consellerira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio
Beatriz Mato Otero

Polo CONCELLO DE TORDOIA
O Alcalde
Antonio Pereiro Liñares"

O señor alcalde explica o contido deste convenio e ou ser unha obra que se solicitou no Plan Hurbe agora xustificase a traves deste convenio coas obrigacións de inventariar, custodiar, etc.

Enterados queda ratificada a proposta.

5.- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A ENTIDADE PUBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A EXECUCION DA ACTUACION SANEAMENTO EN CASTRO-BARDAOS. CONCELLO DE TORDOIA.-

O señor alcalde PROPÓN:

1º dar conta do convenio de colaboración entre a Entidade pública empresarial augas de Galicia e o Concello de Tordoia para a execución da actuación saneamento en Castro-Bardaos. Concello de Tordoia.

2º publicar na páxina web deste concello.

13º facultar ao señor alcalde en todo o relacionado con este convenio.

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE TORDOIA PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE SANEAMENTO EN CASTRO, BARDAOS. CONCELLO DE TORDOIA (A CORUÑA)

Santiago de Compostela,
REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Antonio Pereiro Linares, alcalde do concello de Tordoia, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- O concello de Tordoia ten atribuídas competencias en materia de saneamento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma. Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o tratamento de augas residuais, delimitando a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia o reparto competencial neste eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 b)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademáis, en materia de prestación do servizo, se atribúe competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na

disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Segundo.- A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xundica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

Terceiro.- A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d)), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

Cuarto.- O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos ñas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Quinto.- As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na dotación do sistema de saneamento e depuración en Castro de parroquia de Bardaos.

Actualmente o núcleo de Castro na parroquia de Bardaos non dispoñe de servizo de saneamento.

Preténdese executar unha rede de saneamento e un sistema de depuración, así como a reposición dos pavimentos dañados coa execución das obras.

En consecuencia, a execución das obras de saneamento obxecto deste convenio trátase dunha competencia atribuída á entidade local, que está ademais vinculada a un servizo público cuxa prestación resulta tamén unha competencia da administración local. Polo tanto, queda acreditado o interese principal do concello na súa promoción

Non obstante, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, o Concello e Augas de Galicia, cada unha dentro do seu ámbito competencial de acordo co exposto nas cláusulas anteriores, así como o deber de colaboración entre administracións establecido na normativa de aplicación, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación das súas actuacións, motivos polos que, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes no "Saneamento en Castro, Bardaos. Concello de Tordoia (A Coruña)", a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo-235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución.

3. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

4. No ámbito das súas facultades, colaborar co Concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello obrígase a:

1. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade coa correspondente memoria valorada que Augas de Galicia comunicará ao Concello, sexa esta de igual contido e contía, ou diferente, da enviada, no seu caso, polo Concello a Augas de Galicia. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

2. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

3. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións reglamentarias, correndo eos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execucion das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

4. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

5. A utilización das instalacións executadas de acordó coa finalidade prevista.

6. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como

único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA.- OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, debendo o concello remitir a Augas de Galicia a documentación que a entidade considere necesaria, previo requirimento. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia e o Concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido ñas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

QUINTA.- RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

O custo total para a actuación referencia contemplada neste convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de 60.500,00 euros. Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispon de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo á anualidade 2017

As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación de execución das obras de referencia repercutirase a Augas de Galicia. Do mesmo xeito, os hipotéticos incrementos derivados de posibles modificacións das actuacións serán asumidas por esta entidade ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

SEXTA.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O concello adquire a titularidade das obras de referencia de xeito orixinario. Esta adquisición a título orixinario obedece ao feito de que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de carácter instrumental, de auxilio e de prestación de colaboración técnica e financeira para o exercicio destas competencias por parte do seu lexítimo titular, sen prexuízo de que coa dita asistencia prestada por Augas de Galicia se contribúa tamén a acadar os obxectivos de execución da planificación, coordinación coa entidade local e de garantía dunha subministración eficaz, principio que preside as actuacións de Augas de Galicia neste ámbito.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, poñerá en coñecemento do Concello que, como titular das obras de referencia, asume a obriga de recibilas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do Concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e da normativa de aplicación en canto ao seu mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do Concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o Concello, a partires desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste Convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao Concello, as competencias relativas á inspección facultativa das mesmas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

SÉTIMA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lie poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.

Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademáis, cando se considere oportuno, a

Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2017. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarase a través dunha addenda ao mesmo.

DUODÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

o cumprimento do seu obxecto

o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

o mutuo acordó entre as partes asinantes

a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademáis, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluírá a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumplidos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello,

considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execucion, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

A presidenta de Augas de Galicia
Beatriz Mato Otero

O alcalde do Concello de Tordoia
Antonio Pereiro Linares"

O señor alcalde explica o contido do procedemento e da lectura do punto terceiro clausulado das obrigas do Concello.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía.

6.- CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACION GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA IMPLANTACION DA HISTORIA SOCIAL UNICA ELECTRONICA NAS ENTIDADES LOCAIS.-

O señor alcalde PROPÓN o seguinte:

1º a posta en coñecemento e ratificar a firma adhesión convenio.

2º Publicar na páxina web deste concello.

3º Facultar ao señor alcalde en todo o relacionado con este expediente.

“PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D. Antonio Pereiro Linares, en representación do Concello de Tordoia,

DECLARA:

Que segundo o disposto no Artigo 21.1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, e en virtude do decreto da alcaldía (219/2016) de data 20/12/2017, órgano competente segundo o disposto no Artigo 21.1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local,

SOLICITA:

a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da Historia Social Única Electrónica ñas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade do Concello de Tordoia de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

Santiago de Compostela 22 de decembro de 2016 Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia

Asdo: Antonio Pereiro Linares

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A IMPLANTACIÓN DA HISTORIA SOCIAL ÚNICA ELECTRÓNICA NAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 11 de novembro de 2016

REUNIDOS

Don Alfonso Rueda Valenzuela, na súa condición de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e mais co disposto no Decreto 230/2012, do 2 de decembro, polo que é nomeado vicepresidente a Xunta de Galicia, no Decreto 229/2012, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, lo que se modifica o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a trutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, ministracións Públicas e Xustiza.

Don José Manuel Rey Várela, na súa condición de conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia, que actúa de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e mais co disposto no Decreto 126/2015, do 4 de outubro, do seu nomeamento, o Decreto 116/2015, de 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Dona M.a del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, no uso das facultades que lie son atribuídas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

E Don Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que He son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 30 de outubro de 2015.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

EXPOÑEN

I.- Conforme o previsto nos artigos 148.1.20a da Constitución española e 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia posúe competencia exclusiva en materia de asistencia social. No exercicio da dita competencia ditouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia, entendendo por tales o conxunto coordinado de estacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais.

Integra o sistema galego de servizos sociais o conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública como de titularidade privada, acreditados e concertados pola Administración nos termos establecidos na Lei 13/2008, do 3 de decembro. Así, na creación e xestión dos distintos servizos, programas e prestacións participan diferentes administracións e entidades, dentro do ámbito competencial e de participación que prevé a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro. A amplitude do catálogo de servizos con intervención de distintas administracións e entidades define un escenario complexo en que resultan imprescindibles a coordinación e cooperación interadministrativa.

A actual situación demográfica e socioeconómica, que propicia un cambio no perfil das persoas usuarias de servizos sociais, incrementa as necesidades de atención a que debe dar resposta o sistema de servizos sociais, o que obriga a adaptarse aos cambios con rapidez para garantir unha atención de calidade e

sustentable. Esta situación leva tamén a que resulte necesario esforzarse en reducir barreiras entre os niveis asistenciais e en optimizar o uso dos recursos, aspecto en que o aproveitamento das posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) resulta clave.

II.- Neste contexto, o Consello da Xunta de Galicia aprobou no mes de outubro de 2013 o Plan Trabe para a modernización tecnolóxica dos servizos sociais. Coa integración das tecnoloxías da información e da comunicación na xestión dos servizos sociais, a Administración autonómica busca mellorar a súa eficiencia para garantir a sustentabilidade do sistema e incrementar a súa capacidade para dar cobertura a unha demanda de atención en aumento.

Unha das claves do plan é a creación dun sistema integrado de intercambio de información entre o sistema social, sanitario e as administracións locais e autonómica, dispoñible para todos os axentes implicados con toda a información relevante dos/das usuarios/as e coa carteira de servizos global. É neste marco que se fai uso da Historia Social Única Electrónica, un sistema de información que implicará unha nova forma de traballar, máis axil, xa que introduce un modelo global en que se dispoñen de toda a información integrada e consolidada, de maneira que calquera cambio nela queda á disposición do resto dos axentes implicados. Neste senso, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 30 de outubro de 2014, acordou o inicio polos órganos competentes das actuacións necesarias para a tramitación da normativa que regule o uso da Historia Social Única Electrónica, o acceso á información recollida nela, así como o uso preferente da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde como instrumento de identificación no acceso da cidadanía aos servizos sociais e a creación dunha base de datos poboacional de referencia, inicialmente no ámbito social e sanitario de Galicia, sen prexuízo de que se incorporen novos ámbitos tomando para tal efecto como punto de partida os datos poboacionais contidos na base de datos do sistema da tarxeta sanitaria, á que se retire o punto 1 do anexo II da Orde do 12 de xullo de 1995 de desenvolvemento do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- A Constitución española recolle no seu artigo 39, ente os principios reitores da política social e económica, o relativo a que os poderes públicos aseguran a protección social da familia.

O artigo 6.3 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, enumera os dereitos que todas as persoas, en tanto que usuarias dos servizos sociais, teñen con relación ao sistema galego de servizos sociais, entre os cales se atopan os consistentes en utilizar o sistema de servizos sociais en condicións de igualdade e sen discriminación; o de recibir un tratamento acorde á dignidade da persoa e ao respecto dos dereitos e liberdades fundamentais; o de recibir información de maneira axil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como o dereito á confidencialidade, sigilo e respecto en relación aos seus datos persoais e coa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a eles no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Xunto co anterior, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, no artigo 16.5 establece que a Xunta de Galicia creará a Historia Social Única Electrónica, como conxunto de información e documentos en formato

electrónico nos cales se conteñen os datos, as valoracións e as informacións de calquera tipo sobre a situación e a evolución da atención social das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais ao longo do seu proceso de intervención, así como a identificación dos/das profesionais e servizos ou prestacións que interviñeron sobre este. Asemade, no número 5 bis deste artigo, establécese que a Historia Social Única terá carácter público e confidencial e respectará os dereitos das persoas usuarias ao acceso ao seu expediente persoal e a obter copia del, garantindo que esta historia só será empregada para a intervención profesional ou para unha acción inspectora de carácter público.

No artigo 59.g) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, establécese a competencia da Xunta de Galicia, entre outras, para o deseño, a creación, a xestión e a coordinación dun sistema de información estatística dos servizos sociais e o deseño, a creación, a xestión e a coordinación da Historia Social Única Electrónica, así como o seu mantemento e actualización.

Por outra parte, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no seu artigo 39 sinala que o órgano superior da Administración xeral da comunidade autónoma competente no sistema galego de servizos sociais implantará e manterá un sistema de información básica das persoas usuarias dos servizos sociais que estará conectado en rede cos sistemas de información e de xestión das prestacións e servizos incluídos no Catálogo de servizos do sistema galego de servizos sociais, e, no seu número 2, engade que o sistema de información posibilitará o retorno da información relevante sobre as persoas usuarias desde os servizos sociais especializados ao expediente social básico xestionado polos servizos sociais comunitarios. Por outra banda, na normativa reguladora da Administración electrónica, abórdanse aqueles aspectos en que é obrigado que as previsións normativas sexan comúns, como é o caso da interoperabilidade como capacidade dos sistemas de información e dos procedementos a que dan soporte para compartir datos e posibilitar o intercambio de información e coñecemento entre eles, que resulta necesaria para a cooperación, o desenvolvemento, a integración e a prestación de servizos conxuntos por parte das administracións públicas.

De acordo co exposto, corresponde á Xunta de Galicia crear o sistema de información das persoas usuarias dos servizos sociais, conectado en rede cos sistemas de información das prestacións e servizos do Catálogo de servizos do sistema galego de servizos sociais, no cal queden recollidas toas as intervencións e servizos prestados á persoas usuarias nos diferentes niveis de actuación do sistema galego de servizos sociais.

As previsións da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, en relación co expediente social básico único no ámbito dos servizos comunitarios e co sistema de información social básica das persoas usuarias dos servizos sociais, obteñen pleno cumprimento a través da Historia Social Única Electrónica, cuxo uso e acceso se regula neste decreto. Neste senso, o expediente social básico será o punto de entrada habitual par a maior parte das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais, ao constituir os servizos sociais comunitarios o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema, de acordo co artigo 9 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e do artigo 6 -Apertura e elaboración da Historia Social Única Electrónica do Decreto 89/2016, de 30 de xuño. A apertura dun expediente social básico nos servizos sociais comunitarios ou, naqueles casos en que estea justificado, de calquera outro expediente no ámbito dos servizos sociais especializados, de calquera outro expediente no ámbito dos servizos sociais especializados, será motivo para que se habilite a Historia Social Única Electrónica do/da usuario/a e, a partir dese momento, a información social relacionada coa súa persoa quedará integrada e á disposición dos/das usuarios/as do sistema.

sistemas de información das prestacións e servizos do Catálogo de servizos do sistema galego de servizos sociais, no cal queden recollidas todas as intervencións e servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do sistema galego de servizos socAs previsións da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, en relación co expediente social básico único no ámbito dos servizos comunitarios e co sistema de información social básica das persoas usuarias dos servizos sociais, obteñen pleno cumpn'mento a través da Historia Social Única Electrónica, cuxo uso e acceso se regula neste decreto. Neste senso, o expediente social básico será o punto de entrada habitual para a maior parte das persoas usuarias do sistema galego de servizos sociais, ao constituir os servizos sociais comunitarios o acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema, de acordó co artigo 9 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e do artigo 6 - Apertura e elaboración da Historia Social Única Electrónica do Decreto 89/2016, de 30 de xuño. A apertura dun expediente social básico nos servizos sociais comunitarios ou, naqueles casos en que estea xustificad, de calquera outro expediente no ámbito dos servizos sociais especializados, será motivo para que se habilite a Historia Social Única Electrónica do/da usuario/a e, a partir dese momento, a información social relacionada coa súa persoa quedará integrada e á disposición dos/das usuarios/as do sistema.

Así mesmo, no relativo á confidencialidade dos datos e á promoción de novas canles electrónicas de interacción coa cidadanía, é preciso ter en conta a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como a normativa reguladora da Administración electrónica.

A Historia Social Única Electrónica constitúese como o soporte máis adecuado para a intervención social, facilita o manexo e a accesibilidade da información e documentación social da persoa usuaria, para cuxo

obxecto os/as profesionais técnicos/as que interveñen nela teñen dereito de acceso e, de ser o caso, deber de acceder e/ou rexistrar a información correspondente na Historia Social Única Electrónica.

Este novo soporte de traballo fai necesario regular algúns aspectos referidos ao manexo electrónico de información persoal por parte das administracións, institucións, entidades e profesionais implicados na atención social, xa que co uso da Historia Social Única Electrónica non só se poden tratar máis datos persoais, senón que tamén se pode facer posible que os ditos datos sexan máis facilmente accesibles para un número maior de persoas destinatarias, o que fai imprescindible establecer garantías totais de confidencialidade e integridade dos datos. Esta regulación estableceuse no Decreto 89/2016, do 0 de xuño, que regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Neste contexto, a Consellería de Política Social e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia desenvolven a Historia Social Única Electrónica, que se xestiona mediante o sistema de información denominado HSUE. Este sistema integra toda a información e documentación relevante relativa ao ámbito social xerado nos diferentes niveis de prestación e atención. O HSUE configura un modelo de Historia Social Única Electrónica que garante, de maneira segura, a accesibilidade de toda a información social aos/ás profesionais técnicos/as que desenvolven a súa actividade para o sistema de servizos sociais de Galicia; promove a compartición de información e a transferencia de coñecemento, tanto dentro do ámbito do sistema galego de servizos sociais como con outros sistemas relacionados co benestar como poden ser o sistema público de saúde, o sistema público de educación ou o sistema público de emprego; e busca como obxectivo último optimizar os recursos públicos prestados ás persoas usuarias que son comúns aos diferentes sistemas e que definen os ámbitos sociosanitario, socioeducativo e sociolaboral. Esta compartición de información e transferencia de coñecemento poderá ser extensible a outros sistemas ou áreas que presten servizos ás persoas usuarias dos servizos sociais, sempre que os ditos servizos se consideren dentro do ámbito das políticas sociais, nomeadamente ás áreas de vivenda e de igualdade entre o home e a muller, e estará supeditada aos protocolos de compartición da información que sexan de aplicación e con respecto á normativa aplicable.

IV.- A elaboración da historia social única electrónica de cada persoa, nos aspectos relacionados co seu proceso de intervención, será responsabilidade dos /das profesionais que interveñen no mesmo, e a súa actualización realizarase sempre a través dos módulos do HSUE habilitados para tal fin, segundo recolle o Artigo 6.2 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

Segundo recolle o Artigo 10 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, os/as profesionais autorizados que, no marco da súa intervención social, necesiten consultar a Historia Social Única Electrónica dunha persoa usuaria están na obriga de utilizar o sistema HSUE como principal ferramenta de traballo. O anterior enténdese sen prexuízo de que determinadas intervencións, servizos, festacións, polas súas especiais necesidades, utilicen ferramentas informáticas específicas, que deberán estar incluídas no catálogo de aplicacións e sistemas informáticos do sistema galego de servizos sociais e estar integradas co sistema HSUE, desde o cal será posible consultar a información relevante xerada por elas. Todas as consultas ou modificacións sobre a Historia Social Única Electrónica realizadas a través de ferramentas informáticas específicas ás que se refire o anterior canalizaranse por unha única capa de servizos de interoperabilidade cuxa utilización estará regulada pola norma técnica denominada "Servizos de interoperabilidade do sistema HSUE - definición técnica e manual de integración".

V.- Segundo se recolle na disposición adicional terceira do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, referida a integración da información no sistema HSUE dende outros sistemas de información do sistema galego de servizos sociais, os distintos sistemas de información xa existentes en distintas áreas, entre elas a de Dependencia, Discapacidade, Promoción da Autonomía Persoal, Prestacións, Protección de Menores, Xustiza Xuvenil, Familia, Inclusión, Igualdade e Violencia de Xénero, Servizos Sociais Comunitarios e no Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, integraranse como módulos do sistema de información HSUE, para efectos de compartir a información necesaria básica para conformar a Historia Social Única Electrónica.

VI.- No eido dos servizos sociais comunitarios estase a empregar na maior parte das entidades locais o sistema informático específico denominado SIUSS, aloxado no Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en virtude de convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o referido Ministerio. Dito sistema foi adaptado pola Xunta de Galicia, xunto co desenvolvemento dos mecanismos técnicos de incorporación de información, co obxecto de permitir a integración deste sistema e da información relevante deste eido en HSUE, a través da migración do sistema dende o aloxamento no Ministerio ao aloxamento na Xunta para implementar de xeito efectivo dita previsión.

VII.- A Xunta de Galicia está a desenvolver o modelo xeral de Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia, como marco das iniciativas de modernización das administracións públicas en todas as súas áreas. Neste marco son de resaltar as iniciativas de Administración electrónica que supoñan o establecemento dun novo modelo de relación entre a Administración, a cidadanía e as empresas, e que deán resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de

procedemento administrativo común das administracións públicas, á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 17/2009, do 23 de decembro, sobre o libre acceso á actividades de servizos e o seu exercicio, á Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e en xeral á normativa de desenvolvemento xeral ou sectorial da Administración electrónica.

No anterior sentido, na sociedade da información, falar de modernización das administracións públicas implica apelar á súa inmersión tecnolóxica, caracterizada substancialmente polos elementos da colaboración interadministrativa, a interoperabilidade tecnolóxica, semántica, organizativa e xurídica, así como a transferencia de tecnoloxía e coñecemento, dentro do respecto aos principios de autonomía, solidariedade e impulso da cohesión territorial, conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia. En definitiva, significa falar de Administración electrónica.

VIII.- A Xunta de Galicia, dentro da súa planificación estratéxica en materia de modernización e innovación tecnolóxica, ven despregando programas e proxectos tendentes a fomentar a cohesión, cooperación e colaboración intra e interadministrativa en tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así como a interoperabilidade entre as Administracións galegas.

Deste xeito, a configuración dunha administración común tecnolóxica, sobre a base dun marco galego propio de interoperabilidade, a aplicación do principio de neutralidade tecnolóxica, así como a implementación de estándares abertos e, en xeral, en fomento da administración electrónica, constitúen uns dos eixos estratéxicos do Goberno galego co obxectivo principal de consolidar a cohesión territorial desde a perspectiva tecnolóxica.

IX.- As Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, Entidades Locais), están a acometer importantes investimentos co obxectivo común de lles garantir aos cidadáns o acceso electrónico aos servizos.

Para a implantación dunha auténtica Administración electrónica é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso á administración electrónica, tanto dos funcionarios públicos como dos cidadáns das empresas.

X.- Entre as competencias que, no referente ás relacións cas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de -convenios.

XI.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Esta creación fíxose efectiva a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

A Amtega, como axencia pública autonómica, ten por obxecto a definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico.

XII.- É de interese da Fegamp colaborar, dentro dos seus fins estatutarios, coa Xunta de Galicia na implantación da Historia Social Única Electrónica ñas Entidades Locais coa finalidade de mellorar os servizos prestados ao cidadán en base ao modelo xeral de Administración electrónica que inspira o Goberno Galego.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a todos os cidadáns, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración na materia indicada, a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a implantación da Historia Social Única Electrónica ñas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

CAPITULO PRIMEIRO. DISPOSICIONS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto o impulso da posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica ñas Entidades Locais da comunidade autónoma de Galicia.

Por conseguinte, este convenio establece ademais os mecanismos adecuados para asegurar a coordinación e intercambio de información entre as partes asinantes.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia e para toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades locais territoriais e as non territoriais,

nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Terceira. Efectos do convenio e adhesión

O presente convenio constitúe o marco xurídico dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo I ao convenio.

Cuarta.- Financiamento.

A Xunta de Galicia, e as Entidades Locais de Galicia que se adhiran ao convenio asumirán respectivamente, con cargo aos seus propios orzamentos, as accións que se deriven do cumprimento do presente convenio.

O presente convenio constitúe o marco xurídico dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo I ao convenio.

Quinta. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio.

Sexta. Duración do convenio

O presente convenio será efectivo desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo de que se acorde polas partes expresamente a súa prórroga mediante a subscrición dunha addenda con alómenos dous meses de antelación á data de finalización do prazo de vixencia.

Sétima. Resolución do convenio

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por outras causas de invalidez.

Oitava. Seguimento da execución do convenio

1. Para o debido seguimento do convenio, incluída a súa posible revisión, modificación, adecuación ou actualización, prevese a existencia dunha comisión de seguimento. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.

2. A estes efectos, constitúese a Comisión de Seguimento do presente convenio, presidida por un/unha representante da Xunta de Galicia, e integrada por:

- A persoa titular da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administración Públicas e Xustiza ou persoa na que delegue.
- A persoa titular da Consellería da Política Social ou persoa na que delegue.
- A persoa titular da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ou persoa na que delegue.
- Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

3. A Secretaría da Comisión será desempeñada por un funcionario ou funcionaría designada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

4. Esta comisión reunirse en sesión ordinaria ao menos unha vez ao ano.

5. En sesión extraordinaria reunirse cando o solicite unha das partes con representación na Comisión.

6. Será de aplicación o réxime establecido para os órganos colexiados no capotillo I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordó entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula oitava do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Decima. Consentimento de inclusión de datos

As Entidades locais que se adhiran a este convenio consenten a inclusión dos datos relevantes deste convenio e os seus protocolos de adhesión nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA XUNTA DE GALICIA

Undécima. Disponibilidade dos sistemas

A Xunta de Galicia garantirá o acceso a información contida na plataforma de Historia Social Única Electrónica, e á propia plataforma, aos profesionais das Entidades Locais de Galicia, nos termos recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Dentro da plataforma HSUE, a administración da comunidade autónoma de Galicia proporcionará acceso a ferramenta informática SIUSS, establecendo os mecanismos técnicos que garantan a súa interoperabilidade coa Historia Social Única Electrónica, e potenciando a súa evolución. Así mesmo a Xunta de Galicia facilitará servizos de interoperabilidade co sistema HSUE que permitan a integración en HSUE de ferramentas específicas do eido dos servizos sociais comunitarios distintas de SIUSS, de xeito que se garanta o obxectivo de dispor dunha Historia Social Única Electrónica completa a nivel autonómico, segundo

as previsións e prazos temporais recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

Duodécima. Uso da Historia Social Única Electrónica pola administración autonómica

A Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e o seu persoal, empregarán a información disponible no sistema de información de Historia Social Única Electrónica para os fins recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCÁIS DE GALICIA

Décimo terceira. Utilización dos servizos

As Entidades Locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio comprométense a facer un uso axeitado dos servizos electrónicos disponibles na plataforma de Historia Social Única Electrónica segundo as previsións do Decreto 89/2016, do 30 de xuño e das normas sectoriais reguladoras de cada un destes.

Así mesmo, as Entidades Locais de Galicia comprométense a impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a utilización da plataforma de Historia Social Única Electrónica, mantendo unha actitude proactiva cara á utilización destes servizos, a través de xornadas de formación, difusión e sensibilización do seu uso e aproveitamento.

Décimo cuarta. Uso da Historia Social Única Electrónica polas Entidades Locais de Galicia

As Entidades Locais de Galicia e o seu persoal empregarán a información disponible no sistema de información de Historia Social Única Electrónica para os fines recollidos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Décimo quinta. Protección de datos

Para os efectos do establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, as Entidades Locais de Galicia constitúense en encargados do tratamento dende o momento da formalización da súa adhesión, sendo o responsable do ficheiro a Secretaría Xeral Técnica da Consellería con competencias en materia de servizos sociais, segundo o Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

O desempeño deste rol implica:

o Deber de información: a Entidade Local debe informar aos cidadáns de que:

o Os datos persoais recabados no marco da intervención social realizada nos servizos sociais comunitarios e xestionados a través do sistema da HSUE se incorporarán ao ficheiro inscrito na AEPD "Historia Social Única Electrónica", do que a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social é responsable do ficheiro.

o A finalidade do tratamento dos datos, consistente na xestión da Historia Social Única Electrónica, eos usos previstos no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

o En caso de comunicación dos datos a terceiros, estarase ao regulado no artigo 12 do Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

o Os cidadáns poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, a través da propia entidade local.

Respecto ao exercicio de dereitos, a entidade local actuará a súa vez segundo o especificado no artigo 11.4 - Datos de carácter persoal do Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.

Medidas de seguridade sobre os datos contidos na plataforma: Dado que os equipos, a nivel usuario, empregados nos servizos sociais das Entidades Locais pertencen e se atopan baixo o control das mesmas, estas encargaranse de implantar unha política de seguridade que evite calquera redución na seguridade da información albergada ou transmitida mediante a súa utilización.

A Entidade Local, e o seu persoal, deben respectar as medidas de seguridade establecidas polo responsable do ficheiro, entre outras as medidas establecidas no Decreto 89/2016, do 30 de xuño e as seguintes a implantar na xestión de datos de carácter persoal de nivel alto, segundo se regula no Título VIII do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal:

Funcións e obrigas do persoal.

Rexistro de incidencias.

Control de acceso. É responsabilidade da entidade local a determinación das persoas con acceso á HSUE no eido dos servizos sociais comunitarios da súa competencia e a conservación desa información debidamente documentada segundo o previsto no Decreto 89/2016

Identificación e autenticación no que respecta á xestión dos usuarios propios da entidade local.

o Responsable de seguridade.

o Auditoría.

o Control de acceso físico.

o Telecomunicacións .

O desenvolvemento destas medidas de seguridade reflectirase no Documento de Seguridade co que deberá contar cada Entidade Local.

o Finalidade do uso: Os encargados do tratamento non poderán empregar ditos datos para outro fin distinto ao establecido no Decreto 89/2016, do 30 de xuño.

o Subcontratación do servizo: Para levar a cabo a subcontratación de calquera parte do servizo será necesario solicitar a autorización do responsable do ficheiro.

En caso de que os encargados do tratamento destinen os datos a outra finalidade, os comuniquen ou os utilicen incumprindo as estipulacións do convenio, serán considerados tamén responsables do tratamento, respondendo das infraccións en que tivesen incorrido persoalmente.

CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Décimo sexta. Obrigas da Federación Galega de Municipios e Provincias

A Federación Galega de Municipios e Provincias trasladará ás Entidades Locais o presente convenio e promoverá a súa adhesión ao mesmo. Neste sentido, a Federación Galega de Municipios e Provincias difundirá entre as entidades locais galegas as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se deriva, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión.

Así mesmo, levará a cabo as labores de intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.

CAPÍTULO QUINTO. OBRIGAS COMÚNS DAS PARTES

Décimo sétima. Intercambio de información

Co obxectivo de facilitar a planificación conxunta e coordinación das actuacións^as partes asinantes comprométese ao intercambio de toda a información precisa no que atinxe á posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Conselleiro de Política Social

D. José Manuel Rey Varela

Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Dna. M^a del Mar Pereira Álvarez

Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias

D. Alfredo L. García Rodríguez^o.

O señor alcalde explica o contido do convenio e os concelleiros danse por enterados quedando ratificada a proposta.

7.- ACORDO ENTRE A AXENCIA DE MODERNIZACION TECNOLOXICA DA XUNTA E ESTE CONCELLO PARA ACCEDER AS FUNCIONALIDADES DE SOLUCIONS TECNOLOXICAS BASICAS DE ADMINISTRACION ELECTRONICA.-

Polo señor alcalde PROPONSE o seguinte:

1º Ratificar firma e dar conta do acordo entre a Axencia de modernización tecnolóxica da Xunta e este Concello para acceder as funcionalidades de solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica.

2º Publicar na páxina web deste concello.

3º Facultar ao señor alcalde en todo o relacionado con este expediente.

“En Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Dunha parte, dona Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, don Antonio Pereiro Liñares, Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia, actuando en nome e representación do concello en virtude das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de récime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das atribucións que teñen conferidas no nome das entidades que representan e

EXPOÑEN

Primeiro. Que o 31 de outubro de 2013, asinouse o Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua das solucións básicas de administración electrónica.

Segundo. Este Convenioten por obxecto establecer os termos e condicións xerais para un aproveitamento común das solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que prestan as partes asinantes no cumprimento da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Dita prestación mutua de solucións tecnolóxicas básicas levaranse a cabo nos termos que establece este convenio, realizaándose sen contraprestación económica.

Tamén é obxecto deste Convenio a determinación das condicións na que a Xunta de Galicia facilitará o acceso das Entidades Locais da Comunidade Autónoma de Galicia que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda do presente Convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscrición do correspondente Acordo, que garantirá, en todo caso, o cumprimento das obrigas establecidas no presente Convenio.

Así mesmo, é obxecto do Convenio a determinación das condicións nas que facilitarase o acceso ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de ambas partes asinantes que estean interesadas nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda do presente Convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro, mediante a subscrición do correspondente Acordo, que garantirá, en todo caso, o cumprimento das obrigas establecidas no presente Convenio.

Terceiro. A cláusula segunda de dito Convenio, establece como ámbito de aplicación o seguinte:

1. As partes que subscriben o presente Convenio poderán acceder ás funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que permiten dos servizos previstos na Lei 11/2007 (artigos 15,27.7, 28 e 43) que a continuación se especifican:

A) para a utilización de sistemas de sinatura electrónica avanzada:

Plataforma de validación e sinatura electrónica @firma.

B) Para as comunicacións entre Administracións Públicas por medios electrónicos:

Intermediación de datos entre Administracións Públicas.

Sistema de Interconexión de Rexistros

Intercambios de información a través do Portal de Comunidades Autónomas.

C) Para a notificación por medios electrónicos:

Notificacións Dirección Electrónica Habilitada e Catálogo de Procedementos do Servizo de Electrónicas.
Servizo de Notificacións Electrónicas.

D) Como rede de comunicacións das Administracións Públicas Españolas:

Red SARA.

2. As solucións básicas anteriormente especificadas baséanse en tecnoloxía que poderá ser actualizada ou substituída por outras máis avanzadas ou eficientes por acordo da Comisión de Seguimento, establecida na cláusula sétima do presente Convenio, cando, como consecuencia do desenvolvemento das Tecnoloxías de Información e da Comunicación, quedasen obsoletas as aplicacións ou sistemas relacionados no apartado anterior ou se producisen modificacións normativas que afecten ás correspondentes especificacións técnicas e de seguridade.

3. As Entidades Locais sitas no territorio da Comunidade Autónoma poderán acceder ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas anteriormente, ou ás que as actualicen ou substitúan, mediante Acordo suscrito ao efecto entre aquel e cada Entidade Local. O Acordo garantirá o acceso e dereito de uso das funcionalidades de todas ou de algunhas das solucións anteriormente relacionadas, así como o cumprimento por parte das Entidades Locais das obrigas correspondentes contidas no presente Convenio.

4. As entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das Administracións que subscriben o presente Convenio poderán acceder ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas anteriormente, ou ás que as actualicen ou substitúan, mediante Acordo suscrito ao efecto coa Administración coa que estean vinculadas ou da que dependen. O Acordo garantirá o acceso e dereito de uso das funcionalidades de todas ou algunhas das solucións anteriormente relacionadas, así como o cumprimento por parte das entidades de dereito público das obrigas correspondentes contidas no presente Convenio.

O Concello de Tordoia, está interesado nas solucións tecnolóxicas relacionadas na cláusula segunda de dito Convenio ou polas que as actualicen ou modifiquen no futuro.

En consecuencia, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Concello de Tordoia, acordan o acceso ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas no Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

Este acordo ten por obxecto o acceso do Concello de Tordoia ás funcionalidades das solucións tecnolóxicas recollidas na cláusula segunda do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, asinado o 31 de outubro de 2013, ou ás que as actualicen ou substitúan.

Segunda. Ámbito de aplicación

O Concello de Tordoia poderá acceder ás funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica que a continuación se especifican:

- A) para a utilización de sistemas de sinatura electrónica avanzada:
Plataforma de validación e sinatura electrónica @firma.
- B) Para as comunicacións entre Administracións Públicas por medios electrónicos:
Intermediación de datos entre Administracións Públicas.
Sistema de Interconexión de Rexistros
Intercambios de información a través do Portal de Comunidades Autónomas.

- C) Para a notificación por medios electrónicos:

Notificacións Dirección Electrónica Habilitada e Catálogo de Procedementos do Servizo de Electrónicas.
Servizo de Notificacións Electrónicas.

- D) Como rede de comunicacións das Administracións Públicas Españolas:
Red SARA.

Para ter acceso a estas solucións tecnolóxicas básicas, o Concello de Tordoia, unha vez asinado este Acordo, deberá solicitar á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a cales das solucións tecnolóxicas básicas, descritas anteriormente, queren ter acceso. Unha vez solicitadas, a Amtega daralle traslado á Administración Xeral do Estado do Acordo de adhesión e das solucións tecnolóxicas básicas solicitadas co fin de posibilitar o seu acceso.

Terceira. Obrigas do Concello de Tordoia

O Concello de Tordoia comprométese ao cumprimento das obrigas correspondentes, contidas en dito Convenio de Colaboración.

Cuarta. Obrigas da Amtega

A Amtega garantirá o acceso e o dereito de uso das funcionalidades proporcionadas polas solucións tecnolóxicas básicas de administración electrónica, solicitadas polo Concello de Tordoia e cumprirá as demais obrigas establecidas no Convenio.

1

Quinta. Protección de Datos Persoais

As partes asinantes obríganse ao cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos.

Sexta. Publicidade

O Concello de Tordoia consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste acordo de adhesión no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

Sétima. Resolución

Este acordo poderá resolverse polo incumprimento das cláusulas que o regulan, polo transcurso do tempo estipulado ou por mutuo acordo das partes asinantes.

Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previas comunicación á outra parte cun mes de antelación.

Oitava. Vixencia

Este acordo comeza a súa vixencia dende o día da súa sinatura ata a data de vixencia do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (MINHAP) e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, asinado o 31 de outubro de 2013.

Novena.- Réxime xurídico

Este Acordo ten natureza administrativa, e rexerese, ademais do disposto no seu clausulado, pola Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, e polas demais normas de dereito administrativo aplicable, ou no seu defecto polas derivadas de dereito privado.

O presente acordo está excluído do ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do artigo 4.1c) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, se ben aplicaranse os principios contidos nesa norma legal para a resolución das dúbidas e lagoas que puderan presentarse.

En proba de conformidade co establecido en todas as cláusulas do presente Acordo, o asinan os interesados en representación das parte implicadas, na data e lugar indicados.

A directora de Amtega

Alcalde-Presidente do Concello de Tordoia".

O señor alcalde explica o contido do convenio e os concelleiros que asisten ao pleno danse por enterados quedando ratificada a proposta.

8.- MOCIONS.-

O señor alcalde cede a palabra a portavoz do BNG, dona Pilar García Pereiro, para que proceda a dar lectura a moción presentada o 30/03/2017 neste concello

"BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
CONCELLO DE TORDOIA

PILAR GARCIA PEREIRO, concelleira do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO no Concello de Tordoia, presenta a seguinte MOCIÓN PARA GARANTIR UNHA ATENCIÓN SANITARIA DE CALIDADE.

O PAC (Punto de Atención Continuada) de Ordes, a onde teñen que acudir os pacientes deste concello unha vez que pecha o seu centro de saúde, debe dar servizo á maior parte da poboación da Comarca (agás Cerceda e Oroso).

Este centro ten que atender a un grande número de usuarios, debido sobre todo ao envellecemento da poboación e para realizar a súa labor dispón unicamente de 2 médicos/as pola tarde e 1 pola noite, e debido a que en moitos casos, os facultativos deben realizar urxencias domiciliarias, resulta imposible que se poida atender aos pacientes nas debidas condicións.

Isto aconteceu recentemente, cando un paciente se dirixiu o PAC e non había ningún facultativo para atendelo.

Non podemos quedarnos parados e aceptar esta deficiencia sanitaria, considero que debemos tomar medidas urxentemente para que non se volva a producir.

Polo tanto propoñemos o seguinte ACORDO:

1. Esixir con carácter urxente á Consellería de Sanidade o cumprimento dos servizos sanitarios e adoptar as medidas que correspondan para que esta situación non se volva producir.
2. Trasladar esta problemática de incidencia comarcal á Mancomunidade de Concellos de Ordes para que se sumen a esta petición.

Tordoia, 28 de marzo de 2017

Asda.: Pilar García Pereiro"

Unha vez explicada a moción pola concelleira do BNG, interven o concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos García decindo coñecer de forma directa o tema.

Producense varias intervencións polos concelleiros sobre este tema.

Interven o señor alcalde explicando a información que lle facilitaron sobre o PAC de Ordes, e son sabados de 08:00 a 20:00 horas 2 médicos e 2 enfermeros estan ata as 15:00h, e pola noite 1 médico e 1 enfermero, o domingo 24 horas 2 médicos e 1 enfermera, as urxencias se canalizan todas a través do 061.

O concelleiro do PSdeG-PSOE plantea que non é así, que é máis problema das persoas, o señor alcalde manifesta que a Mancomunidade vai a solicitar medidas conxuntas.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, votan a favor todos os concelleiros/as que asisten ao Pleno (7 PP; 2 PSdeG-PSOE e 1 BNG).

9.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

O señor alcalde informa do seguinte:

- a través de Medio Rural van a facer uns camiños de Abeleiras a Burgan e Igrexa por un total de 60.000€.
- Como consecuencia da visita do Presidente Provincial facilitouse o proxecto da ampliación da Ponte Cativa.
- a través de Medio Ambiente van facer 2 pistas en Gorgullos ao longo do río (vão a executar eles directamente).
- Tamén informa de que se van a contratar 4 persoas polos Plans de Deputación

10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Intervén a concelleira do BNG preguntando polo proceso de selección do persoal incluídos na convocatoria, non parece lóxico que sempre saian as mesmas persoas, habería que facer outras alternativas.

Intervén o concelleiro do PSdeG-PSOE puntualizando que o problema é o funcionamento do INEN que non serve.

Intervén o señor alcalde dicindo que está de acordo, que o máis axeitado sería crear unha Bolsa de traballo.

Intervén o concelleiro do PSdeG-PSOE reiterando o que leva pedindo en todos os plenos sobre as actas.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 12:15 h do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde,

A Secretaria,